

CABARET
EL MUSICAL DE BROADWAY



T

**TEATRO
COLÓN**

PROGRAMACIÓN - 2017

MAIO

MUSICAL

CABARET

EL MUSICAL DE BROADWAY



XOVES 11 ÀS 21:00H

VENRES 12 E SÁBADO 13 ÀS 18:00 E 22:00H

DOMINGO 14 ÀS 17:00 E 20:30H



175 min.
(DESCANSO INCLUIDO)



40 (VR) E 45 € (ANTES DO 1 DE MAIO)
45 (VR) E 48 € (A PARTIR DO 2 DE MAIO)



EL MUSICAL DE BROADWAY COMO NUNCA LO HAS VISTO

O 20 de novembro de 1966 CABARET estreouse no Broadhurst Theatre de Broadway, producido e dirixido polo mítico Harold Prince. Con varias das cancións emblemáticas da historia dos musicais –Willkommen, Cabaret, Money Money – e considerado coma unha das obras mestras do teatro musical de todos os tempos.

Anticipando a celebración do seu 50 aniversario, o 18 de outubro de 2015 estreouse no Teatro Rialto de Madrid esta nova produción da versión orixinal estreada en Broadway, adaptada e dirixida por Jaime Azpilicueta.

Ao éxito de público sumouse o recoñecemento da profesión, ao ter sido elixido como O Mellor Musical en Madrid en 2015/16, na 9ª Edición dos Premios do Teatro Musical, dados a coñecer o pasado luns 6 de xuño en Madrid, edición na que Cabaret resultou o musical gañador en 8 das 15 categorías premiadas.

Acepten a invitación do mestre de cerimonias e 'Deixen os seus problemas fóra. Aquí a vida é divina'. Willkommen au Cabaret, no seu 50 Aniversario.

El 20 de noviembre de 1966 CABARET se estrenó en el Broadhurst Theatre de Broadway, producido y dirigido por el mítico Harold Prince. Con varias de las canciones emblemáticas de la historia de los musicales – Willkommen, Cabaret, Money Money – y considerado como una de las obras maestras del teatro musical de todos los tiempos.

Anticipando la celebración de su 50 Aniversario, el 18 de octubre de 2015 se estrenó en el Teatro Rialto de Madrid esta nueva producción de la versión original estrenada en Broadway, adaptada y dirigida por Jaime Azpilicueta.

Al éxito de público se ha sumado el reconocimiento de la profesión, al haber sido elegido como el Mejor Musical en Madrid en 2015/16, en la 9ª Edición de los Premios de Teatro Musical, dados a conocer el pasado lunes 6 de junio en Madrid, edición en la que CABARET resultó el musical ganador en 8 de las 15 categorías premiadas.

Acepten la invitación del maestro de ceremonias y 'Dejen sus problemas afuera. Aquí la vida es divina'. Willkommen au CABARET, en su 50 Aniversario.

carlos
SOBERA

marta
HAZAS

javier
VEIGA

marta
BELENGUER

ana
RAYO



5 Y ACCIÓN!



una comedia de
JAVIER VEIGA



SEGURO
de RISA*

europ
assistance
que vive con cara

VENRES 5 E SÁBADO 6
 ÀS 20:30H

5 Y ACCIÓN...!!!



90 min.



20 (UR) E 24 € (ANTES DO 20 DE ABRIL)
 22 (UR) E 26 € (A PARTIR DO 21 DE ABRIL)



DESEÑO CARTEL: GERARDO FERRERAS. FOTOGRAFÍA: SERGIO LARDIEZ. GUIÓN: JAVIER VEIGA.
 PRODUCCIÓN EXECUTIVA: PATRICIA SANTAMARINA /CARLOS SOBERA. DIRECCIÓN: JAVIER VEIGA.
 REPARTO: JAVIER VEIGA, MARTA HAZAS, CARLOS SOBERA, MARTA BELENGUER E ANA RAYO.

A nova e inocente presentadora de El tiempo dun telexornal de máxima audiencia tamén é, “casualmente”, a amante do presidente do canal de televisión. Marisol (Marta Hazas) soña con converterse en actriz. E Adolfo (Carlos Sobera) decide cumprir o sono da súa “moza”. Para ilo contrata os servizos dun mediocre aspirante a director de cine (Javier Veiga). Todos ocultan algo, todos queren algo do outro, e ninguén se fía de ninguén. Pero mentres tanto, comeza a rodaxe da película: “5 e Acción...!!!”.

La joven e inocente presentadora de El tiempo de un telediario de máxima audiencia, también es, ‘casualmente’, la amante del presidente del canal de televisión. Marisol (Marta Hazas), sueña con convertirse en actriz. Y Adolfo (Carlos Sobera) decide cumplir el sueño de su ‘novia’. Para ello contrata los servicios de un mediocre aspirante a director de cine (Javier Veiga). Todos ocultan algo, todos quieren algo del otro y nadie se fía de nadie... Pero mientras tanto, se empieza a rodar la película: ‘5 y Acción...!!!’.



RECOMENDADO POR
LA RED DE TEATROS



CANDIDATO AOS PREMIOS MAX
DE TEATRO 2016 NA CATEGORÍA
DE MEJOR AUTORÍA TEATRAL.



INFANTIL



DOMINGO 7
ÁS 18:00H



55 min.



5 (VR) E 7 EUROS (ANTES DO 30 DE ABRIL)

5 (VR) E 8 EUROS (A PARTIR DO 1 DE MAIO)

LUPPO

DE BAOBAB TEATRO

DIRECCIÓN: ÓSCAR FERREIRA. **GUIÓN:** ANDREA BAYER. **DIRECCIÓN DE MANIPULACIÓN:** ÓSCAR FERREIRA. **ACTORES:** ANDREA BAYER E XOSÉ MANUEL ESPERANTE. **DESEÑO DE ESCENOGRAFÍA:** ÓSCAR FERREIRA. **ESCENOGRAFÍA:** ÓSCAR FERREIRA E JUAN SILVA. **VESTIARIO:** BAOBAB TEATRO. **DESEÑO DE ILUMINACIÓN:** DANIEL ABALO. **DESEÑO SONORO:** MANUEL ABALO. **MONICREQUES E ATREZO:** ÓSCAR FERREIRA E JUAN SILVA. **MATERIAL AUDIOVISUAL:** JUAN SILVA.

Luppo é un home maior que vive só e todos os días, ás doce en punto do mediodía, acende o seu gramófono e escoita ópera. Sempre a mesma canción. Ten un amigo, Tulún, un neno que tamén todos os días lle leva o pan, as especias e o xornal. E todos os días Luppo relátalle unha historia da súa vida a Tulún. Unha mañá Tulún chega coa compra e Luppo non está...

Luppo es un hombre mayor que vive solo y todos los días, a las doce en punto del mediodía, enciende su gramófono y escucha ópera. Siempre la misma canción. Tiene un amigo, Tulún, un niño que también todos los días le lleva el pan, las especias y el periódico. Y todos los días Luppo le relata una historia de su vida a Tulún. Una mañana Tulún llega con la compra y Luppo no está...

COLÓN QUEER 2017



TEATRO COLÓN

MARZO ABRIL MAIO 2017



Deputación
DA CORUÑA



MARTES 16
AS 21:00H

GALA DRAG PRIX

CICLO COLÓN QUEER 2017



Deputación
DA CORUÑA



120 min.



12 (UR) E 15 EUROS



Un evento diferente. A principal diferenza de Drag Prix respecto doutros eventos con Drag Queens como protagonistas é o seu carácter deportivo, o máis importante non é a beleza dos seus concursantes, se non a destreza superando os decorados. A xogar! Dous equipos de Drag Queens haberán de conseguir o máximo de puntos en cada proba para acadar o premio de campioas. Coa presentación dos condutores, o apoio das titoras honoríficas, e as actuacións musicais dos participantes, o concurso encherá de luz, cores e purpurina o emblemático Teatro Colón da cidade de A Coruña.

Un evento diferente. La principal diferencia de Drag Prix respecto de otros eventos con Drag Queens como protagonistas es su carácter deportivo, lo más importante no es la belleza de sus concursantes, es su destreza superando los decorados. ¡A jugar! Dos equipos de Drag Queens deberán conseguir la mayor cantidad de puntos en cada prueba para ganar el premio de campeonas. Con la presentación de los conductores, el apoyo de sus tutoras honoríficas, y las actuaciones musicales de los participantes, el concurso llenará de luz, color, lentejuelas y purpurina el emblemático Teatro Colón de la ciudad de A Coruña.

HUMOR



VIENRES 19 ÁS 21:00H
E SÁBADO 20 ÁS 20:00H

LUIS PIEDRAHITA,

LAS AMÍGDALAS DE MIS AMÍGDALAS SON MIS AMÍGDALAS



80 min.



15 (UR), 16 E 19 € (ANTICIPADA)

15 (UR), 18 E 21 € (DÍA DA FUNCIÓN)

'EL HUMOR ES UN ARMA DE CONSTRUCCIÓN MASIVA' LUIS PIEDRAHITA

Este espectáculo ensínanos que a vida é coma un hotel: un sitio no que imos estar pouco tempo e temos que levarnos todo o que poidamos. Luis Piedrahita reflexiona acerca das esponxas de baño, as avelañas, os ascensores, os hoteis... Luis atopa motivos para a reflexión en cada un destes temas e un paralelismo inevitable coa alma humana. Non queremos ocultar que deste espectáculo díxose que é unha das obras máis enxeñosas, brillantes e poéticas do século XXI. O que si queremos ocultar é que foi o propio Piedrahita o que o dixo.

Este espectáculo nos enséña que la vida es como un hotel: un sitio en el que vamos a estar poco tiempo y tenemos que llevarnos todo lo que podamos. Luis Piedrahita reflexiona acerca de las esponjas de baño, las polillas, los ascensores, los hoteles... Luis encuentra motivos para la reflexión en cada uno de estos temas y un paralelismo inevitable con el alma humana. No queremos ocultar que de este espectáculo se ha dicho que es una de las obras más ingeniosas, brillantes y poéticas del siglo XXI. Lo que sí queremos ocultar es que fue el propio Piedrahita el que lo ha dicho.

T | TEATRO COLÓN



Deputación
DA CORUÑA

WWW.TEATROCOLON.ES



@TEATRO_COLON

VENDA DE ENTRADAS: Sede Afundación A Coruña, Cantón Grande 8, luns a sábado, de 9 a 21h. • Teatro Colón o día do espectáculo, de 12 a 14h. e de 17 a peche • 902 504 500, luns a sábado de 8 a 22h. www.ataquilla.com e www.teatrocolon.es (24h.)

LIÑA DE DESCONTOS: 10% Estudantes: FP, Bacharelato e Universidade da Coruña • 10% Xubilados maiores de 65 anos • 10% Desempregados • 20% Estudantes da Universidade da Coruña (só en principal) • 20% Grupos de máis de 20 persoas

ABONADOS TARXETA TEATRO COLÓN: 20% En principal • 10% En platea e palcos

Unha vez comezado o espectáculo non se permite a entrada
Os palcos 11 e 12 son de visibilidade reducida (VR)

La Red
española
de Teatros,
Auditorios,
Circuitos y
Festivales
de titularidad pública

Viva o teatro!

A xestión actual do Teatro Colón da Coruña despídese logo de cinco tempadas, máis de 850 representacións e de atender a máis de 350.000 persoas desde xuño de 2012 ata maio de 2017.

Levámonos connosco o orgullo de poñer en marcha liñas de traballo como as **Residencias Técnicas Artísticas**, a **producción propia** baseada na colaboración e participación social, a **Mostra de Teatro Afeccionado Teatro Colón**, o **Ciclo de Teatro Afeccionado Candilejas Don Bosco**, o **Ciclo Xoves de Música** en apoio a músicos locais e o **Ciclo Colón Queer** de temática LGTBI en colaboración coa Asociación A.L.A.S.

Na nosa liña de colaboración institucional quereríamos destacar o **voluntariado cultural** con alumnado de Educación Social da UDC, así como a realización de diversas prácticas do **IES de Imaxe e Son de Someso**.

Mención especial merece a posta en marcha da nosa **campaña escolar** cuxos rexistros por tempadas superan os 5.000 escolares, de máis de 50 centros, de máis de 20 concellos de toda a provincia da Coruña.

Agardamos que estas liñas de traballo, relacionadas coa acción social, poidan manterse e ampliarse no futuro.

Deixamos o recinto cargados de responsabilidade e agradecemento. Quereríamos poder nomear a todas as persoas e institucións públicas e privadas que colaboraron xenerosamente co Teatro Colón nestas cinco tempadas, pero o texto deixaría de ser unha breve despedida para converterse case en enciclopedia.

Aínda así, non podemos deixar de mostrar o noso máis sincero agradecemento a todo o **equipo de traballo** das últimas cinco tempadas do Teatro Colón, ás **entidades públicas e privadas colaboradoras** dos nosos proxectos propios e ás xenerosas e necesarias **empresas patrocinadoras**, á **contorna social e económica** máis próxima que se involucrou nos nosos proxectos, ao **funcionariado** da Deputación Provincial da Coruña e á **cidadanía da provincia**, en xeral, que fixo un uso rotundo do seu recinto durante a nosa xestión.

Non queremos despedirnos sen berrar unha vez máis **Viva o teatro!** e desexarlle sorte ao novo xestor do recinto provincial ao que hoxe coñecemos como **Teatro Colón da Coruña**.
